

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

2395 *Corrección de erros do Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.*

Advertidos erros no Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 36, do 11 de febreiro de 2012, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 8, no preámbulo, quinto parágrafo, penúltima liña, onde di: «... denunciados, contratos de formación e despedimentos colectivos...», debe dicir: «... denunciados, contratos para a formación e a aprendizaxe e despedimentos colectivos...».

Na páxina 9, no preámbulo, penúltimo parágrafo, cuarta liña, onde di: «...no título III do Estatuto dos traballadores», debe dicir: «... no título III do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores...».

Na páxina 13, no artigo 3.1, primeiro parágrafo, onde di: «... inscritos na oficina de emprego con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012, terán dereito...», debe dicir: «... inscritos na oficina de emprego terán dereito...».

Na páxina 15, no número 9 do artigo 4, onde di: «... a sección 1.^a do capítulo I da Lei 43/2006...», debe dicir: «... a sección I do capítulo I da Lei 43/2006...».

Na páxina 16, na redacción que o artigo 6 dá ao número 4 do artigo 13 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, onde di: «... na Lei 31/1995, do 8 de novembro e a súa normativa de desenvolvemento.», debe dicir: «... na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e a súa normativa de desenvolvemento.».

Na páxina 16, no artigo 7, número 3, onde di: «... na sección 1.^a do capítulo I da Lei 43/2006...», debe dicir: «... na sección I do capítulo I da Lei 43/2006...».

Na páxina 17, na redacción que o artigo 9 dá ao número 2 do artigo 34 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, primeiro parágrafo, liña terceira, onde di: «En defecto de pacto en contrario, a empresa...», debe dicir: «En defecto de pacto, a empresa...».

Na páxina 19, penúltimo parágrafo, na redacción que o artigo 11.Dous dá ao número 2 do artigo 40 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, onde di: «... a opción prevista no parágrafo cuarto do número 1 deste artigo...», debe dicir: «... a opción prevista no parágrafo terceiro do número 1 deste artigo...».

Na páxina 20, na redacción que o artigo 12 dá ao parágrafo segundo do número 2 do artigo 41 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, onde di: «Considérase de carácter colectivo a modificación que, nun período de noventa días, afecte, cando menos:

Dez traballadores, nas empresas que ocupen menos de cen traballadores.
O 10 por cento do número de traballadores da empresa naquelas que ocupen entre cen e trescentos traballadores.
Trinta traballadores, nas empresas que ocupen máis de trescentos traballadores.»

Debe dicir: «Considérase de carácter colectivo a modificación que, nun período de noventa días, afecte, cando menos,:

- a) Dez traballadores, nas empresas que ocupen menos de cen traballadores.
- b) O 10 por cento do número de traballadores da empresa, naquelas que ocupen entre cen e trescentos traballadores.
- c) Trinta traballadores, nas empresas que ocupen máis de trescentos traballadores.»

Na páxina 21, sexto parágrafo, na redacción que o artigo 12.Un dá ao parágrafo cuarto do número 4 do artigo 41 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, onde di: «... polos sindicatos máis representativos do sector a que pertenza a empresa...» debe dicir: «... polos sindicatos máis representativos e representativos do sector a que pertenza a empresa...».

Na páxina 27, no artigo 16.1, onde di: «1. Cando unha empresa, en virtude do artigo 47 do Estatuto dos traballadores ou dun procedemento concursal, suspendese contratos de traballo, de forma continuada ou non, ou reducise o número de días ou horas de traballo, e posteriormente se extingan contratos ao abeiro dos artigos 51 ou 52.c do Estatuto dos traballadores...», debe dicir: «1. Cando unha empresa, en virtude do artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou dun procedemento concursal, suspendese contratos de traballo, de forma continuada ou non, ou reducise o número de días ou horas de traballo, e posteriormente se extingan contratos ao abeiro dos artigos 51 ou 52.c) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores...».

Na páxina 28, no número 5 do artigo 16, onde di: «... e na Orde do 5 de abril de 1995, pola que se determinan as axudas que poderá conceder o Ministerio de Emprego e Seguridade Social...», debe dicir: «... e na Orde do 5 de abril de 1995 pola que se determinan as axudas que poderá conceder o Ministerio de Traballo e Seguridade Social...».

Na páxina 30, quinto parágrafo, na redacción que o artigo 18.Tres dá ao parágrafo oitavo do número 2 do artigo 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, onde di: «... recomendacións ás partes que, en ningún caso, non suporán a paralización nin a suspensión do procedemento.», debe dicir: «... recomendacións ás partes que non suporán, en ningún caso, a paralización nin a suspensión do procedemento.».

Na páxina 35, no artigo 21, primeiro parágrafo, onde di: «O número 4 do artigo 43 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, queda redactado do seguinte modo:», debe dicir: «O primeiro parágrafo do número 4 do artigo 43 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, queda redactado do seguinte modo:».

Na páxina 46, na disposición transitoria primeira, no número 1, onde di: «1. As empresas de traballo temporal que na data de entrada en vigor desta norma non fosen xa autorizadas administrativamente...», deber dicir: «1. As empresas de traballo temporal que na data de entrada en vigor desta norma fosen xa autorizadas administrativamente...».

Na páxina 51, na disposición derradeira cuarta, no título, onde di: «...traballadores maiores de 50 ou máis anos en empresas con beneficios.», debe dicir: «...traballadores de 50 ou máis anos en empresas con beneficios.».

Na páxina 51, na redacción que a disposición derradeira cuarta dá á disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de seguridade social, no título, onde di: «...traballadores maiores de 50 ou máis anos en empresas con beneficios.», debe dicir: «...traballadores de 50 ou máis anos en empresas con beneficios.».